



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES LUIS SEOANE
CURSO: 3º ESO
MATERIA: VALORES ÉTICOS
DEPARTAMENTO: FILOSOFÍA
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional. e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso
académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

V. VALORES ÉTICOS DE 3º ESO

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Os estándares que aparecen como mínimos na programación do curso correspondentes ao Bloque 4: *A xustiza e a política* e ao Bloque 5: *Os valores éticos, o dereito, a DUDH e outros tratados internacionais..*

Son fundamentais as competencias en comunicación lingüística, as competencias sociais e cívicas e a competencia en aprender a aprender.

2. Avaliación e cualificación:

- Cualificación final. A cualificación final obténse de sumar á media aritmética da cualificación da primeira e segunda avaliación entre 1 e 3 puntos en función da cantidade e a calidade das actividades entregadas, é dicir, da análise das produción escritas e audiovisuais e, sendo posible coa realización das tarefas propostas para aquel alumnado que non acadou unha cualificación positiva na 1ª e 2ª avaliación, superar a materia. Os criterios de avaliación son os xerais (relativos aos obxectivos e competencias definidos a inicio de curso) sinalados na programación didáctica do departamento.
- Proba extraordinaria de setembro: trala realización da avaliación final se proporá a realización dalgúñas tarefas relativas aos estándares mínimos sinalados para á súa entrega en setembro.

3. Metodoloxía e Actividades do 3º trimestre.

- Actividades de recuperación, repaso e ampliación de aprendizaxes:

A través da páxina web e o correo electrónico, propoñense os exercicios, que consisten nun pequeno texto seguido de preguntas de comprensión e de reflexión crítica acerca dos contidos indicados, ou en preguntas de reflexión ou dilemas morais, servindo como repaso, reforzo e recuperación (se for o caso) do traballo realizado presencialmente na primeira e segunda avaliación. Os criterios de avaliación son os referidos á consecución dos obxectivos básicos sinalados.

4. Información e publicidade.

Esta adaptación será publicada na páxina web do centro.